

Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 06-08 Páx. 1 de 2	APLICACIÓN DE PRAGUICIDAS

RISCOS	CAUSAS
<ul style="list-style-type: none"> • Reaccións alérxicas 	<ul style="list-style-type: none"> • Resposta do organismo a certas substancias que en situacións normais serían inocuas
<ul style="list-style-type: none"> • Queimaduras e irritacións 	<ul style="list-style-type: none"> • Contacto directo do praguicida coa pel. Mal estado de mantemento dos EPI
<ul style="list-style-type: none"> • Intoxicacións 	<ul style="list-style-type: none"> • Inxestión accidental, inhalación, contacto dérmico continuado cun determinado praguicida
<ul style="list-style-type: none"> • Certas enfermidades mutaxénicas ou dexenerativas 	<ul style="list-style-type: none"> • Sospéitase que se producen por unha larga exposición a certos preparados

MEDIDAS PREVENTIVAS

I. ANTERIOR Á UTILIZACIÓN DO PRAGUICIDA



- Elixir o produto menos tóxico para os traballadores.
- O encargado de realizar a tarefa terá o correspondente carné de manipulador de praguicidas.
- Transportar os produtos hermeticamente pechados e evitar o contacto coas persoas.
- Almacenar nun lugar adecuado e convenientemente sinalizado.
- Revisar periodicamente todo o equipo utilizado para os tratamentos e comprobar periodicamente o seu perfecto estado (roturas, escapes etc.).
- Ler a etiqueta do produto antes da súa manipulación e seguir os consellos de utilización do fabricante.
- Realizar o menor número de transvasamentos de recipientes posibles.

II. DURANTE A APLICACIÓN DO PRAGUICIDA

- Non traballar só.
- Utilizar sempre o equipo de protección individual apropiado e usalo nas condicións para as que estea concibido.
- Aplicar o produto a favor do vento.
- Non beber, comer nin fumar no mesmo lugar ou nos arredores en que se realicen traballos de fumigación.
- Evitar o consumo de bebidas alcohólicas nos períodos de tratamento, xa que esta substancia potencia os efectos tóxicos de certos praguicidas.
- Lavar con abundante auga e xabón as mans e a cara antes de comer, beber ou fumar.
- Evitar o tratamento en días moi calorosos ou con forte vento.
- Evitar a contaminación dos alimentos e bebidas nas zonas de traballo, para o que se recomenda gardalos en recipientes herméticos.








III. POSTERIOR Á UTILIZACIÓN DO PRAGUICIDA

- Lavar o corpo a conciencia con abundante auga e xabón.
- O traballador non debe levar ao seu domicilio particular o equipo utilizado; deberá dispor dun lugar para gardalo, separado do resto do material e lavalo sempre despois de usalo.
- Sinalizar a zona tratada mediante carteis ou cintas visibles e impedir que se acceda ao lugar polo menos en 48 horas.
- Lavar e enxugar os equipos de aplicación e os bidóns baleiros de praguicida.
- Utilizar roupa de traballo adecuada para as condicións climáticas.








REALIZADO	MODIFICADO
Servizo de Prevención de Riscos Laborais Data: 10/10/2008  Asdo.: M.ª José Montero Vilarino	Data: 08-06-2013  Asdo.: M.ª Carmen Álvarez González




Universidade de Vigo	FICHA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS
Ref.: FPRL 06-08 Páx. 2 de 2	APLICACIÓN DE PRAGUICIDAS

EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

						
---	---	---	---	--	---	---

RECOMENDACIONES

<p>Casco de protección forestal con máscara EN-397</p> 	<p>Protección auditiva EN-352-1-2/ EN-458</p> 	<p>Protección ocular EN 166-172</p> 	<p>Luvas de seguridade EN-388/EN-407/EN-420 Luvas contra riscos químicos EN-374</p> 	<p>Botas de seguridade EN-344/EN-345/ EN-346/EN-347</p> 	<p>Máscaras autofiltrantes EN-149 Máscaras buconasais EN-140</p> 	<p>Funda de protección EN-340</p> 
--	---	---	---	--	--	---

REALIZADO	MODIFICADO
<p>Servizo de Prevención de Riscos Laborais</p> <p>Data: 10/10/2008</p>   <p>Asdo.: M.^a José Montero Vilarinho M.^a Carmen Álvarez González</p>	<p>Data: 08-06-2013</p> <p>Asdo.: </p>